



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

20 MAY. 2024 19:11:57

Entrada **26168**

## Sobre o saneamento do río Barbaña

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL  
Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao novo retraso no proxecto de saneamento do río Barbaña, mellora da EDAR de San Cibrao das Viñas, Fase II (Ourense).**

O proxecto de finalización do saneamento do río Barbaña, mellora da EDAR de San Cibrao Viñas, Fase II (Ourense) acumula unha sucesión de retrasos na súa tramitación. Leva xa sete anos a voltas desde que se licitou por primeira vez a súa redacción.

Despois de agardar moito, tempo por fin o pasado 8 de febreiro aprobouse a Declaración de Impacto Ambiental (DIA), mais establece unha serie de condicións que obriga a modificar o proxecto.

Xunto aos cambios que estipula a DIA, tamén deben incorporarse modificacións debido ás novas normativas ambientais aprobadas ao longo destes anos por parte da Dirección Xeral da Calidade e Avaliación Ambiental e, así mesmo, vai ser necesario revisar os prezos debido ao incremento dos custes durante este tempo.

Con todos estes condicionantes fica de novo no ar a data de licitación dun proxecto moi necesario e reclamado, mais que constantemente é obxecto de demoras. Un retraso que tamén prexudicou o financiamento posto que polo camiño perdéronse 14 millóns de euros que se podían ter obtido dos fondos Feder da UE. Hai que lembrar que a data de caducidade para comunicar a certificación do gasto era o pasado 31 de decembro de 2023. Desde o BNG xa

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

20 MAY. 2024 19:11:57

Entrada **26168**



advertimos o ano pasado da necesidade de axilizar os procedementos para non perder o financiamento europeo. Mais nada se fixo desde o Ministerio que nunha resposta por escrito ao BNG limitouse a indicar que “a tramitación para a aprobación técnica do proxecto construtivo estase a realizar coa máxima dilixencia e con todas as garantías”.

Agora toca adaptar o proxecto sen que se saiba o horizonte temporal de construción da EDAR a pesar do compromiso do Ministerio de Transición de que estaría licitado neste ano 2024.

Temos que lembrar que esta infraestrutura é imprescindible para os Polígonos industriais e os núcleos de poboación de Paderne e Taboadela. Ourense non pode continuar agardando pola nova EDAR e este saneamento cando o río Barbaña está a soportar unha presión contaminante moi elevada e cun grande impacto ambiental.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:**

1. A DIA do proxecto de saneamento do río Barbaña, mellora da EDAR de San Cibrao das Viñas, Fase II (Ourense) aprobouse o pasado 8 de febreiro pero establece unha serie de condicionantes de modificacións, Que cambios deben facerse no proxecto? Pode explicalos o Ministerio?
2. Que outras modificacións deben levarse a cabo no proxecto debido ás novas normativas ambientais aprobadas ao longo destes anos por parte da Dirección Xeral da Calidade e Avaliación Ambiental?
3. Téñense que revisar os prezos?
4. Canto tempo calcula o Ministerio de Transición que se vai retrasar a licitación dun proxecto que leva xa anos de demoras e que é prioritario para Ourense?
5. É consciente o Ministerio de que a falta de celeridade na tramitación desta infraestrutura levou a perder financiamento de fondos europeos? Como se vai financiar esta EDAR?
6. Cando prevé que se licite esta infraestrutura? Será neste ano 2024?



7. Comprométese o Goberno a executar a citada infraestrutura, necesaria para Ourense, sen que se produzan máis demoras?

Madrid, a 20 de maio de 2024

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**



## **A LA MESA DEL CONGRESO**

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al nuevo retraso en el proyecto de saneamiento del río Barbaña, mejora de la EDAR de San Cibrao das Viñas, Fase II (Ourense).**

El proyecto de finalización del saneamiento del río Barbaña, mejora de la EDAR de San Cibrao Viñas, Fase II (Ourense) acumula una sucesión de retrasos en su tramitación. Lleva ya siete años a vueltas desde que se licitó por primera vez su redacción.

Después de esperar mucho, tiempo por fin el pasado 8 de febrero se aprobó la Declaración de Impacto Ambiental (DIA), pero establece una serie de condiciones que obliga a modificar el proyecto.

Junto a los cambios que estipula la DIA, también deben incorporarse modificaciones debido a las nuevas normativas ambientales aprobadas a lo largo de estos años por parte de la Dirección General de la Calidad y Evaluación Ambiental y, asimismo, va a ser necesario revisar los precios debido al incremento de los costes durante este tiempo.

Con todos estos condicionantes queda de nuevo en el aire la fecha de licitación de un proyecto muy necesario y reclamado, pero que constantemente es objeto de demoras. Un retraso que también perjudicó a la financiación puesto que por el camino se perdieron 14 millones de euros que se podían haber obtenido de los fondos Feder de la UE. Hay que recordar que la fecha de caducidad para comunicar la certificación del gasto era el pasado 31 de diciembre de 2023.



Desde el BNG ya advertimos el año pasado de la necesidad de agilizar los procedimientos para no perder la financiación europea. Pero nada se hizo desde el Ministerio que en una respuesta por escrito al BNG se limitó a indicar que “la tramitación para la aprobación técnica del proyecto constructivo se está realizando con la máxima diligencia y con todas las garantías”.

Ahora toca adaptar el proyecto sin que se sepa el horizonte temporal de construcción de la EDAR a pesar del compromiso del Ministerio de Transición de que estaría licitado en este año 2024.

Tenemos que recordar que esta infraestructura es imprescindible para los Polígonos industriales y los núcleos de población de Paderne y Taboadela. Ourense no puede continuar esperando por la nueva EDAR y este saneamiento cuando el río Barbaña está soportando una presión contaminante muy elevada y con un gran impacto ambiental.

**Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:**

1. La DIA del proyecto de saneamiento del río Barbaña, mejora de la EDAR de San Cibrao das Viñas, Fase II (Ourense) se aprobó el pasado 8 de febrero pero establece una serie de condicionantes de modificaciones, ¿Qué cambios deben hacerse en el proyecto? ¿Puede explicarlos el Ministerio?
2. ¿Qué otras modificaciones deben llevarse a cabo en el proyecto debido a las nuevas normativas ambientales aprobadas a lo largo de estos años por parte de la Dirección General de la Calidad y Evaluación Ambiental?
3. ¿Se tienen que revisar los precios?
4. ¿Cuánto tiempo calcula el Ministerio de Transición que se va a retrasar la licitación de un proyecto que lleva ya años de demoras y que es prioritario para Ourense?
5. ¿Es consciente el Ministerio de que la falta de celeridad en la tramitación de esta infraestructura llevó a perder financiación de fondos europeos? Como se va a financiar esta EDAR?



6. ¿Cuándo prevé que se licite esta infraestructura? ¿Será en este año 2024?
7. ¿Se compromete el Gobierno a ejecutar la citada infraestructura, necesaria para Ourense sin que se produzcan más demoras?

Madrid, a 20 de mayo de 2024

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**